

# «As raigañas da nosa cultura»

► Raquel Arias, en nome do presidente da Xunta de Galicia, foi a encargada de ler o pregón inaugural da cuadraxésima edición do belén electrónico de Begonte nun concorrido acto

**CRISTINA PÉREZ**

BEGONTE. «Que gran exemplo nos dades a todos mantendo durante décadas as raigañas da nosa cultura popular, pero adaptada a todas as posibilidades que nos dá a modernidade». Son palabras do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, pronunciadas pola delegada autonómica en Lugo, Raquel Arias, quen o substituíu na inauguración da cuadraxésima edición do belén electrónico de Begonte.

Un compromiso de última hora impidiulle a Núñez Feijóo tomar o relevo doutro presidente autonómico, Manuel Fraga, pregoeiro begontino hai 20 anos. Porén, ademais de pedir «profundas desculpas» pola ausencia e de prometer que intentará acudir á clausura, o 28 de xaneiro, o máximo responsable autonómico con-

tribuíu coas súas propias verbas á posta en marcha do belén.

Así, Raquel Arias, quen tamén recibiu de mans do alcalde de Begonte, José Ulla, unha placa conmemorativa como agasallo para

Feijóo, setenciou no seu nome que esta iniciativa deixa dúas grandes leccións, ó fuxir do inmobilismo, innovando cada ano, e tamén a súa actividade, pois cada figura ten unha función: «Calquera que

veña aquí pode soñar cunha Galicia e cunha España con tanta actividad como ten o belén».

«Hai unha Galicia unida, que mira cara adiante sen desprenderse das súas tradicións e costumes», asegurou Raquel Arias, quen salientou o belén como proba do espírito comunitario.

Boa proba dese espírito son o párroco José Domínguez Guizán e o creador das figuras, José Rodríguez Varela, presentes na memoria dos asistentes e tamén no centro cultural, en sendos retratos presentados neste acto inaugural, convertido nunha cita multitudinaria que contou cunha ampla representación institucional de todos os concellos da zona e da Deputación de Lugo. O Orfeón Lucense amenizou a posta en marcha do belén, na que tamén se oficiou a tradicional misa.

## Visitas

### Poderá verse durante 2 meses

O belén electrónico de Begonte estará operativo ata o 28 de xaneiro. Durante este mes, ata a chegada do Nadal, abrirá as fins de semana e os festivos, de 11.00 a 13.00 e de 15.00 e 19.00 horas. Tamén se poderá

visitar por semana, para o que se aconsella chamar previamente ó 982.39.61.21. Ademais, poderase ver o museo José Rodríguez Varela.

## Exposicións

No marco dos actos do belén organízase a exposición itinerante 'Imaxes do Nadal', que poderá verse a partir de mañá na casa de cultura de Feira do Monte, en Cospeito.



Á esquerda, asistentes ó primeiro pase do belén de Begonte. Á dereita, José Ulla faille entrega a Raquel Arias dun agasallo para Feijóo. C. PÉREZ

## Primeiros pases O belén estrea novas figuras e un renovado aspecto tras dous anos sen cambios

Dous señores maiores cunha moa, un sacristán tocando a campá da igrexa ou o percorrido dos Reis Magos, que fan unha parada diante do portal, son algunas das novedades coas que os promotores do belén electrónico de Begonte sorprenderán nesta cuadrexésima edición ós milleiros de persoas que se agarda que o visiten nos próximos dous meses.

A responsabilidade da nova montaxe, logo de manter no 2010 a mesma estrutura ca no 2009 en homenaxe ó finado José Rodríguez Varela, recae en Carlos Torres, José Luis Varela e Jesús Veiga Sangiao, co apoio do párroco e presidente do belén, Jesús Domínguez Guizán.